Data envio: 08/08/2019 13:46:47.929
Data 08/08/2019 13:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41130** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a destrución dos postos de traballo e a desaparición das oficinas do Banco Caixa Xeral portugués en Galicia, así como a perda de servizos e incremento da concentración bancaria, a consecuencia da merca desa entidade por Abanca"**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 8 de febreiro na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos dou reposta a iniciativa con Nª de rexistro 42307 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na que explicou o proceso da compra do negocio de Caixa Geral por parte de ABANCA e as posibles consecuencias que pode ter no sistema financeiro galego.

Nesta intervención o Director Xeral explicou que estamos ante un proceso de venda exixido pola UE, derivado das axudas públicas que recibiu a banca portuguesa. Un proceso de venda levado a cabo polo Goberno Portugués, que estivo suxeito as pautas marcadas pola Lei de privatizacións de Portugal, onde se recollen e se pautan os criterios de selección e adxudicación na enaxenación.

Proceso de adxudicación que, co fin de reforzar a transparencia e a competencia, foi posto a disposición do Tribunal de Contas portugués para a súa fiscalización.

Polo tanto, a primeira valoración deste proceso é de respecto absoluto ante unha decisión do goberno de Portugal, non discrecional, senón froito dun proceso regulado, pautado, ordenado e transparente que trouxo como consecuencia a adxudicación do Banco Caixa Geral a unha entidade

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:46:44

financeira radica en Galicia. Dentro do respecto ante unha decisión que foi allea a Xunta de Galicia, pero que supón que unha empresa con sede en Galicia se consolide, medre, se diversifique, mantendo unha adecuada solvencia, non pode ter unha valoración negativa.

En canto o grado de concentración do sistema financeiro galego o Director Xeral explicou que o Informe sobre a Concentración Bancaria en Galicia, elaborado pola Comisión Galega da Competencia, por acordo do Parlamento de Galicia, radiografía perfectamente o proceso de reestruturación bancaria que tivo lugar en Galicia e recolle unha serie de feitos, de realidades, de riscos pero tamén de fortalezas que son plenamente vixentes e que non variaron nestes meses**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:46:47
Nº Rexistro: 53601
Data envio: 08/08/2019 13:46:47.929

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:46:44

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53559
Data envio: 07/08/2019 14:03:24.481

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41490,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as medidas específicas para a emancipación xuvenil e o acceso á vivenda das persoas mozas postas en marcha polo Goberno galego durante a X lexislatura, os seus resultados e os datos desagregados das persoas mozas de ata 35 anos inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, así como a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar as medidas reflectidas no Plan estatal de vivenda con medidas específicas de apoio á emancipación e acceso á vivenda das persoas mozas galegas"**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 23 de abril de 2019 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), en resposta á pregunta oral 43852.

Na súa intervención, o director xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a emancipación xuvenil e as políticas de vivenda destinadas á mocidade galega".

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 23 de abril de 2019:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-04-23?part=a864e6a1-5b97-496e-8f71-73ad397b4bf3&start=4388

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/08/2019 14:03:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53559
Data envio: 07/08/2019 14:03:24.481

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:03:20

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53565
Data envio: 07/08/2019 14:04:07.747
Data 07/08/2019 14:04

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34652** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións do goberno galego respecto das centrais hidráulicas que xa teñen a súa concesión caducada e sobre as garantías de cumprimento das cláusulas sociais que puidesen estar contempladas nas diferentes concesións de saltos hidroeléctricos"**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A produción de enerxía hidroeléctrica lévase a cabo mediante o outorgamento de concesións demaniais de uso do dominio público hidráulico a proposta e por iniciativa de empresas privadas que financian a montaxe das centrais e a súa posta en explotación coa previsión da futura reversión das obras á Administración, unha vez rematado o prazo de vixencia. Por este motivo, dado que a implantación dun aproveitamento hidroeléctrico contempla o uso dun ben público como é a auga, durante as distintas fases da súa existencia a explotación está suxeita a un férreo control por parte das Administracións hidráulicas competentes (sexan o Estado ou as Comunidades Autónomas), que esixen ás empresas eléctricas promotoras un rigoroso cumprimento das cláusulas e condicións concesionais e da lexislación vixente, tanto hidráulica, como ambiental e urbanística.

Na actualidade, o mapa de aproveitamentos hidroeléctricos en explotación responde a unha gran variedade de casuística derivada das distintas situacións concesionais orixinais en función do momento do seu outorgamento. Sobre este panorama os organismos encargados da Administración hidráulica deben aplicar novos modelos de xestión hidráulica

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/08/2019 14:04:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53565
Data envio: 07/08/2019 14:04:07.747

esixidos polo dereito comunitario, que ten uns mandatos moi específicos respecto dos obxectivos ambientais e respecto dos métodos da súa consecución.

A caducidade das concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso a caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades. As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53565
Data envio: 07/08/2019 14:04:07.747

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:04:04

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53563
Data envio: 07/08/2019 14:03:53.091
Data 07/08/2019 14:03

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35302** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a posibilidade de garantía pola Xunta de Galicia do cumprimento das cláusulas sociais inseridas nas diferentes concesións de encoros hidroeléctricos, os datos referidos ao remate destas concesións na demarcación Galicia-Costa, así como nas demarcacións hidrográficas do Cantábrico, do Miño-Sil e do Douro, e as previsións dos gobernos galego e central ao respecto"**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A produción de enerxía hidroeléctrica lévase a cabo mediante o outorgamento de concesións demaniais de uso do dominio público hidráulico a proposta e por iniciativa de empresas privadas que financian a montaxe das centrais e a súa posta en explotación coa previsión da futura reversión das obras á Administración, unha vez rematado o prazo de vixencia. Por este motivo, dado que a implantación dun aproveitamento hidroeléctrico contempla o uso dun ben público como é a auga, durante as distintas fases da súa existencia a explotación está suxeita a un férreo control por parte das Administracións hidráulicas competentes (sexan o Estado ou as Comunidades Autónomas), que esixen ás empresas eléctricas promotoras un rigoroso cumprimento das cláusulas e condicións concesionais e da lexislación vixente, tanto hidráulica, como ambiental e urbanística.

Na actualidade, o mapa de aproveitamentos hidroeléctricos en explotación responde a unha gran variedade de casuística derivada das distintas situacións concesionais orixinais en función do momento do seu outorgamento. Sobre este panorama os organismos encargados da Administración hidráulica deben aplicar novos modelos de xestión hidráulica

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172668
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/08/2019 14:03:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53563
Data envio: 07/08/2019 14:03:53.091

esixidos polo dereito comunitario, que ten uns mandatos moi específicos respecto dos obxectivos ambientais e respecto dos métodos da súa consecución.

Augas de Galicia, como órgano competente en materia de xestión hidráulica das concas intracomunitarias de Galicia, é plenamente coñecedora da situación administrativa de cada expediente relativo aos aproveitamentos hidroeléctricos na bacía hidrográfica de Galicia-Costa, exercendo un exhaustivo control e supervisión de todas as circunstancias (tanto xurídicas, como hidráulicas e ambientais) que conforman cada expediente concesional, e velando polo cumprimento polos titulares dos condicionados e postulados impostos pola Administración, previamente aceptados expresamente polo promotor hidroeléctrico, inherentes ao acto administrativo habilitante do dereito adquirido, por cuxo acatamento e efectividade do seu cumprimento vela esta administración hidráulica.

A caducidade das concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso a caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades. As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53563
Data envio: 07/08/2019 14:03:53.091

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:03:49

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:47:03
Nº Rexistro: 53604
Data envio: 08/08/2019 13:47:03.179
Data 08/08/2019 13:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40925** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **"o estado de tramitación no que se atopan os expedientes de reversión ao dominio público dos aproveitamentos hidroeléctricos con concesións caducadas ou próximas a caducar na demarcación hidrográfica Galicia-Costa e na Confederación hidrográfica do Miño-Sil, a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo, proxecto ou iniciativa para a asumir a súa xestión, así como a dos que se atopan nesas situacións nas confederacións dependentes do Estado"**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A produción de enerxía hidroeléctrica lévase a cabo mediante o outorgamento de concesións demaniais de uso do dominio público hidráulico a proposta e por iniciativa de empresas privadas que financian a montaxe das centrais e a súa posta en explotación coa previsión da futura reversión das obras á Administración, unha vez rematado o prazo de vixencia. Por este motivo, dado que a implantación dun aproveitamento hidroeléctrico contempla o uso dun ben público como é a auga, durante as distintas fases da súa existencia a explotación está suxeita a un férreo control por parte das Administracións hidráulicas competentes (sexan o Estado ou as Comunidades Autónomas), que esixen ás empresas eléctricas promotoras un rigoroso cumprimento das cláusulas e condicións concesionais e da lexislación vixente, tanto hidráulica, como ambiental e urbanística.

Na actualidade, o mapa de aproveitamentos hidroeléctricos en explotación responde a unha gran variedade de casuística derivada das distintas situacións concesionais orixinais en función do momento do seu outorgamento. Sobre este panorama os organismos encargados da Administración hidráulica deben aplicar novos modelos de xestión hidráulica

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172671
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:46:59

esixidos polo dereito comunitario, que ten uns mandatos moi específicos respecto dos obxectivos ambientais e respecto dos métodos da súa consecución.

Augas de Galicia, como órgano competente en materia de xestión hidráulica das concas intracomunitarias de Galicia, é plenamente coñecedora da situación administrativa de cada expediente relativo aos aproveitamentos hidroeléctricos na bacía hidrográfica de Galicia-Costa, exercendo un exhaustivo control e supervisión de todas as circunstancias (tanto xurídicas, como hidráulicas e ambientais) que conforman cada expediente concesional, e velando polo cumprimento polos titulares dos condicionados e postulados impostos pola Administración, previamente aceptados expresamente polo promotor hidroeléctrico, inherentes ao acto administrativo habilitante do dereito adquirido, por cuxo acatamento e efectividade do seu cumprimento vela esta administración hidráulica.

A caducidade das concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso a caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades. As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:47:03
Nº Rexistro: 53604
Data envio: 08/08/2019 13:47:03.179

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:46:59

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53664
Data envio: 09/08/2019 14:00:01.576
Data 09/08/2019 13:59

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41103** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a valoración da Xunta de Galicia referida á saúde do sistema financeiro galego após da merca por Abanca do Banco Caixa Xeral portugués, o tipo de medidas e estudos postos en marcha ou previstos ao respecto e a súa opinión en relación co seu impacto no nivel de concentración bancaria en Galicia, nos clientes, persoas usuarias de servizos financeiros e no emprego, así como as actuacións que vai levar a cabo para intervir nesta situación"**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 8 de febreiro na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos dou reposta a iniciativa con número de rexistro 42307 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na que explicou o proceso da compra do negocio de Caixa Geral por parte de ABANCA e as posibles consecuencias que pode ter no sistema financeiro galego.

Nesta intervención o Director Xeral explicou que estamos ante un proceso de venda exixido pola UE, derivado das axudas públicas que recibiu a banca portuguesa. Un proceso de venda levado a cabo polo Goberno Portugués, que estivo suxeito as pautas marcadas pola Lei de privatizacións de Portugal, onde se recollen e se pautan os criterios de selección e adxudicación na enaxenación.

Proceso de adxudicación que, co fin de reforzar a transparencia e a competencia, foi posto a disposición do Tribunal de Contas portugués para a súa fiscalización.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:59:57

Polo tanto, a primeira valoración deste proceso é de respecto absoluto ante unha decisión do goberno de Portugal, non discrecional, senón froito dun proceso regulado, pautado, ordenado e transparente que trouxo como consecuencia a adxudicación do Banco Caixa Geral a unha entidade financeira radicada en Galicia. Dentro do respecto ante unha decisión que foi allea a Xunta de Galicia, pero que supón que unha empresa con sede en Galicia se consolide, medre, se diversifique, mantendo unha adecuada solvencia, non pode ter unha valoración negativa.

En canto o grado de concentración do sistema financeiro galego o Director Xeral explicou que o Informe sobre a Concentración Bancaria en Galicia, elaborado pola Comisión Galega da Competencia, por acordo do Parlamento de Galicia, radiografía perfectamente o proceso de reestruturación bancaria que tivo lugar en Galicia e recolle unha serie de feitos, de realidades, de riscos pero tamén de fortalezas que son plenamente vixentes e que non variaron nestes meses**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53664
Data envio: 09/08/2019 14:00:01.576

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:59:57

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:58:21
Nº Rexistro: 53652
Data envio: 09/08/2019 13:58:21.061
Data 09/08/2019 13:58

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46512** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **"o contido e os datos referidos á tramitación do Plan plurianual de endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia remitido á Administración central o 7 de xaneiro de 2019"**, (publicada no BOPG número 438 do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"O expediente do Plan Plurianual de Endebedamento remitido á administración do Estado foi enviado ao Parlamento o pasado 11 de xullo dando resposta á solicitude de información do Grupo Parlamentario Socialista con número de rexistro 46482.

Por outra banda o pasado 12 de abril o Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos compareceu a petición propia ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos para dar conta da situación do endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta comparecencia o Director explicou polo miúdo os datos de peche de 2018, a evolución do endebedamento na que fixo referencia a o endebedamento dos organismos, empresas e sociedades públicas, e a estratexia de endebedamento de cara ao futuro da Comunidade Autónoma**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172677
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:58:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:58:21
Nº Rexistro: 53652
Data envio: 09/08/2019 13:58:21.061

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:58:17

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:58:13
Nº Rexistro: 53651
Data envio: 09/08/2019 13:58:13.858
Data 09/08/2019 13:58

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46804** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a avaliación da Xunta de Galicia respecto da operación de compra de Liberbank que está a levar a cabo Abanca, así como as súas posibles repercusións para o conxunto da economía galega e o sistema financeiro"**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"A finais do mes de febreiro pasado Abanca xa anunciara publicamente que non ía presentar unha OPA para adquirir a entidade bancaria LIberbank, e tal e como o anunciou a dia de hoxe Abanca non adquiriu dita entidade.

Para a Xunta de Galicia sempre é positivo que as empresas galegas queiran gañar fortaleza, abrir novos mercados e ampliar o seu negocio, pero a Xunta non entra a valorar posibles operacións empresariais do ámbito privado.

Tamén é positivo para a Xunta de Galicia que unha empresa galega medre en tamaño e sexa capaz de crear novos empregos. Así Abanca creou no último ano máis de 400 novos empregos, ata a acadar un plantel de traballadores de case 5.000 persoas.

Hai que lembrar que estamos ante a maior entidade financeira de Galicia, que é unha das poucas comunidades autónomas que teñen unha entidade radicada no seu territorio**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:58:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:58:13
Nº Rexistro: 53651
Data envio: 09/08/2019 13:58:13.858

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:58:10

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:57:55
Nº Rexistro: 53650
Data envio: 09/08/2019 13:57:55.373
Data 09/08/2019 13:57

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47753** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a valoración do Goberno galego respecto do sector financeiro e da posición de Abanca"**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"Hai que lembrar que falamos da maior entidade financeira de Galicia, que é unha das poucas comunidades autónomas que teñen unha entidade radicada no seu territorio.

Abanca pechou o exercicio 2018 entre as entidades mais solventes de España, superando amplamente os requisitos regulatorios exixidos polo BCE e polo BE, creando no último ano máis de 400 novos empregos, ata acadar un plantel de traballadores de case 5.000 persoas.

Para a Xunta de Galicia, sempre é positivo que unha empresa galega medre en tamaño e sexa capaz de crear novos empregos.

Dentro do máximo respecto que a Xunta ten por calquera empresa do ámbito privado, o Goberno galego confía en que Abanca siga potenciando o seu negocio en Galicia, un negocio que está centrado principalmente nas nosas empresas –incluídas as pemes e os autónomos- e nos fogares galegos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:57:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:57:55
Nº Rexistro: 53650
Data envio: 09/08/2019 13:57:55.373

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:57:51

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:14
Nº Rexistro: 54260
Data envio: 28/08/2019 10:47:14.654
Data 28/08/2019 10:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49763,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **"as razóns do incremento que rexistra en Galicia a recadación do imposto sobre sucesións e doazóns en relación co ano 2015, a realización pola Consellería de Facenda dalgún estudo comparativo respecto da súa evolución nos dez últimos anos, así como o impacto que van ter no ano 2019 os beneficios fiscais establecidos no artigo 2 da Lei 3/2018"**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Grazas á rebaixa fiscal aprobada pola Xunta en 2016, máis do 99% dos galegos non pagan nin un euro polo Imposto sobre Sucesións cando reciben unha herdanza dun familiar por vía directa.

O ano pasado 105.000 galegos recibiron unha herdanza e non pagaron o Imposto sobre Sucesións.

Galicia foi unha das primeiras comunidades en suprimir na práctica este imposto no caso nas herdanzas entre ascendentes e descendentes.

Respecto dos datos de recadación do ano 2018, hai que ter en conta que están influídos polos excepcionais resultados das actuacións de loita contra a fraude fiscal iniciadas nos últimos anos, que tiveron un efecto positivo na recadación deste imposto o ano pasado.

En todo caso, coa nova rebaixa aprobada pola Xunta para as herdanzas entre irmáns, Galicia é a 4ª comunidade autónoma que menos ingresará por este imposto en 2019.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:47:10

O Goberno galego mantén unha aposta decidida polas baixadas de impostos, porque cremos que os cidadáns teñen que notar os efectos da recuperación económica e porque estas baixadas están a ter efectos moi positivos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:14
Nº Rexistro: 54260
Data envio: 28/08/2019 10:47:14.654

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:47:10

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:49
Nº Rexistro: 54257
Data envio: 28/08/2019 10:46:49.591
Data 28/08/2019 10:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49957,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Ánxeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **"a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación coa homologación e recoñecemento dos títulos da Escola de Canteiros de Poio, como títulos de ciclo medio e superior, así como as actuacións previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,** que ten o seguinte contido:

"A Escola de Canteiría empeza a súa andadura o 15 de xaneiro de 1979 nas instalacións do mosteiro de Poio, dependente do Ministerio de Cultura. O primeiro curso comeza cunha matrícula de 29 prazas. Posteriormente, en 1982 pasa a depender da Deputación de Pontevedra e a partir do ano 2000 iníciase un novo proxecto con instalacións propias.

A finalidade desta Escola, tal e como se recolle na súa web oficial, é conservar e promover un dos oficios máis antigos e nobres de Galicia, o de cantería, para ensinar a arte de traballar a pedra. Así, o centro desenvolve as súas actividades como un obradoiro de traballo artesanal en pedra, no que se combinan o ensino teórico e o práctico.

A Escola de Canteiros de Poio-Pontevedra, dependente da Deputación de Pontevedra, imparte na actualidade formación propia e non regrada. En concreto, estudos de cantería e de mestre/a cantería.

Desde a perspectiva educativa, a Consellería respecta e valora o prestixio da formación non regrada que recibe o alumnado deste centro –do que sabe que é demandado para traballar en diversos lugares do mundo-, pero non pode entrar en cuestións que non son da súa competencia, xa que na actualidade non son ensinanzas oficiais de FP.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172686
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:46:45

Neste momento, relacionados coa pedra están definidos varios ciclos na familia profesional de Industrias extractivas e na de Edificación e Obra Civil, pero estas ensinanzas de FP teñen pouco que ver coa formación de canteiros.

Como é coñecido, existen unhas normas e uns procedementos fixados desde o Estado que debe cumprir a entidade titular da Escola de Canteiros para posibilitar o recoñecemento oficial das súas ensinanzas como formación oficial.

Segundo a normativa educativa vixente, o Goberno central pode decidir crear unha nova titulación de FP que se axuste ás ensinanzas de cantería e mestre de cantería, modificando o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Unha vez exista ese novo título, é cando sería posible o poder facilitar a homologación ou recoñecemento dos títulos expedidos pola escola.

Por ultimo, a Consellería de Educación, Universidade e FP quere deixar constancia de que está a favor da creación e da existencia de ciclos formativos que teñan relación coa tradición e cos sectores produtivos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:49
Nº Rexistro: 54257
Data envio: 28/08/2019 10:46:49.591

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:46:45

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:42
Nº Rexistro: 53591
Data envio: 08/08/2019 13:45:42.664
Data 08/08/2019 13:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50429** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a valoración do Goberno galego en relación coa suspensión cautelar polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública do procedemento para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e cos recursos presentados polas organizacións sindicais e patronais do sector, a súa posible incidencia no calendario previsto para a adxudicación e posta en funcionamento das novas concesións, así como as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Con data de 23 de maio de 2019, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia resolveu desestimar todos os recursos interpostos polas asociacións e federacións de transporte e polas organizacións sindicais do sector, contra os pregos da concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, así como levantar as suspensións acordadas no seu día, dándolle a razón á Xunta.

Con data de 24 de xullo de 2019, tamén a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acordou denegar a medida cautelar de suspensión do Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia solicitada polas federacións do transporte, por tratarse da adxudicación dun contrato 'dun servizo público de transporte' cuxa suspensión 'implicaría deixar a gran parte da cidadanía sen transporte público e aproximadamente a 10.000 alumnos sen transporte e afectaría á implantación das importantes melloras previstas'.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:45:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:42
Nº Rexistro: 53591
Data envio: 08/08/2019 13:45:42.664

Tendo en conta o exposto, considérase que o Plan de Transporte Público de Galicia, que foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 29 de novembro de 2018, segue a ser válido en todo o seu contido, sobre todo tendo en conta que foi o resultado do maior esforzo en materia de diálogo e negociación con todos os axentes sociais e institucionais que nunca se tivera feito en Galicia para a elaboración de ningún outro instrumento de planificación en materia de transporte público, con reunións individuais con cada un dos concellos de Galicia e innumerables reunións e negociacións con representantes dos sindicatos, federacións e asociacións de empresas de transporte de viaxeiros por estrada máis representativos do sector, asociacións de nais e pais e outros moitos colectivos. A Xunta dispón das medidas e mecanismos necesarios para garantir a continuidade da prestacións dos servizos e que Galicia non quede nin un só día sen transporte público**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:42
Nº Rexistro: 53591
Data envio: 08/08/2019 13:45:42.664

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:45:39

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:42:48
Nº Rexistro: 54227
Data envio: 28/08/2019 10:42:48.904
Data 28/08/2019 10:42

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 51502,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro despois da sentenza do Tribunal Supremo en relación cos dereitos de emisión de Cuac FM, así como as medidas adoptadas ou previstas para garantir eses dereitos e o desenvolvemento da Lei 7/2010 e para asegurar o acceso á licenza"**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

"**1.- Como valora a Xunta de Galicia a situación dos servizos comunitarios audiovisuais sen ánimo de lucro após a sentencia do Tribunal Supremo?**

O Tribunal Supremo non ditou ningunha sentencia. O que fixo foi dar traslado dunha providencia pola que se acorda non admitir a trámite o recurso de casación presentado pola Xunta contra a sentencia do TSXG.

O Supremo non entra na interpretación que, con respecto á situación actual destas emisoras, debe dárselle á regulación que se fai delas na actual Lei Xeral de Comunicación Audiovisual, habida conta de que está pendente o correspondente desenvolvemento regulamentario na materia por parte da Administración Xeral do Estado.

2.- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para garantir os dereitos de emisión destes servizos?

A Sentencia ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia refírese ao caso concreto de Cuac FM, polo que a Xunta de Galicia estará ao que se dispón nesa sentencia.

Indicar ademais, que as medidas que pode adoptar a Xunta de Galicia, limitadas ao outorgamento de licencias, teñen que vir precedidas doutras actuacións que lle corresponden á Administración xeral do Estado, como é a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario para que poidan operar ese tipo de emisoras.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:42:45

3.- Que medidas ten adoptado ou prevé, por si propia e/ou diante do Estado español, adoptar a Xunta de Galicia para desenvolver regularmente a Lei 7/2010 e garantir o acceso a licenza destes servizos?

A Xunta de Galicia amosou, desde un principio, a súa vontade de avanzar na regulación destes servizos, dando traslado á Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda dixital o interese de Cuac FM de emitir contidos propios dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro. Neste senso, remitiulle todos os escritos presentados por Cuac, así como sendas mocións aprobadas polo Concello e a Deputación provincial da Coruña, respectivamente.

Na súa resposta, a Administración Central alegou razóns de carácter técnico que imposibilitaban a posta en marcha deste tipo de servizos.

É preciso insistir en que a Xunta de Galicia non pode outorgar ningún tipo de autorización para emitir, posto que carece de competencia para iso. O uso do dominio público radioeléctrico só pode ser autorizado pola Administración Xeral do Estado.

Data asento: 08/08/2019 13:45:08
Nº Rexistro: 53587
Data envio: 08/08/2019 13:45:08.679
Data 08/08/2019 13:44

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 51721** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando , sobre **"a información formal da Xunta de Galicia respecto do anuncio da inclusión da saída sur de Vigo na rede básica europea de transportes"**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada 'saída sur' de Vigo forma parte do trazado da Rede Básica Europea de transportes, polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios da próxima convocatoria do 'Mecanismo Conectar Europa'.

O director xeral de Mobilidade da Xunta foi informado neste sentido polos representantes da Comisión Europea no transcurso da reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico que a Dirección Xeral de Transporte da UE celebrou no mes de xuño en Bruxelas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:44:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:08
Nº Rexistro: 53587
Data envio: 08/08/2019 13:45:08.679

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:44:48

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:17
Nº Rexistro: 54221
Data envio: 28/08/2019 10:41:17.732
Data 28/08/2019 10:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 51790** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con doce concellos galegos no primeiro cuadrimestre de 2019 por un importe total de 3.545.510 euros"**, (publicada no BOPG número 495 do 1 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfire á entidade local correspondente; ou trátase de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, como é o caso de Abegondo ou Ourense, nos que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras.

En calquera caso, é unha parte mínima do orzamento de capital da Axencia Galega de Infraestruturas a que se destina aos convenios de colaboración con entidades locais. En concreto, supón unicamente o 1,66% da suma dos capítulos VI+VII no orzamento da AXI para 2019. E hai que considerar que a maior parte das actuacións da AXI derivan de instrumentos nos que os criterios de asignación de recursos son obxectivos, como a seguridade viaria (de acordo coa metodoloxía de identificación

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:41:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:17
Nº Rexistro: 54221
Data envio: 28/08/2019 10:41:17.732

de Treitos de Concentración de Accidentes); a mellora da mobilidade peonil e ciclista (Plan de Sendas de Galicia, coas estratexias comarcais publicadas na web da AXI); e co Plan de reforzos de firme, que se deseña en base ás inspeccións dos técnicos de acordo co estado global dos firmes da rede autonómica en cada ano. Tamén é significativo que a actuación de maior contía nos orzamentos para 2019 é a autovía do Morrazo, obra que se sitúa no concello de Moaña e dá servizo fundamentalmente a Moaña, Cangas e Bueu.

En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos desde o comezo desta X lexislatura ata a data de hoxe publícanse no *Diario Oficial de Galicia*, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así, o artigo 15 de Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior. En concreto, a Axencia Galega de Infraestruturas publicou nas seguintes datas os convenios subscritos na presente lexislatura:

Convenios 2016	DOG nº 110, do 10 de xuño de 2016 DOG nº 184, do 27 de setembro de 2016DOG nº 31, do 14 de febreiro de 2017
Convenios 2017	DOG nº 105, do 5 de xuño de 2017 DOG nº 185, do 28 de setembro de 2017 DOG Nº 25, do 5 de febreiro de 2018
Convenios 2018	DOG nº 105, do 4 de xuño de 2018 DOG nº 192, do 8 de outubro de 2018 DOG nº 32, do 14 de febreiro de 2019
Convenios 2019 ata a data de hoxe	DOG nº 99, do 27 de maio de 2019

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:17
Nº Rexistro: 54221
Data envio: 28/08/2019 10:41:17.732

En canto á Base de Datos Nacional de Subvencións (www.infosubvenciones.es), regulada pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, a Axencia Galega de Infraestruturas publica nesta base de datos todos os convenios de colaboración incluídos na partida orzamentaria 512.B 760.0 dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia: *obras en materia de estradas (convenios corporacións locais).*

A Axencia Galega de Infraestruturas remítelle cada cuadrimestre ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, todos os convenios de colaboración asinados durante ese período no exercicio das súas funcións. Desde o departamento autonómico que xestiona o dito Rexistro estase tentando mellorar o ritmo para dar publicidade aos convenios na web co desenvolvemento dunha aplicación informática máis moderna e polo tanto máis áxil que permitirá levar a cabo a publicidade dos convenios asinados pola Xunta de Galicia en tempos moito máis curtos e tamén axilizar os trámites deste procedemento co obxectivo dunha tramitación electrónica integral.**”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:17
Nº Rexistro: 54221
Data envio: 28/08/2019 10:41:17.732

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:41:13

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:40:41
Nº Rexistro: 54219
Data envio: 28/08/2019 10:40:41.420
Data 28/08/2019 10:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 51958** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas económicas que vai aplicar a Xunta de Galicia para axudar o dezasete e medio por cento da poboación galega a saír da situación de exclusión social en que se atopa"**, (publicada no BOPG número 498 do 4 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, e especificamente a Consellería de Política Social, dispón de instrumentos dirixidos ás persoas que mais o necesitan.

As medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica:

Na Estratexia Social de Inclusión de Galicia 2014-2020, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período 2014-2020 cun enfoque baseado na inclusión social activa.

e na Axenda Social Única de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais – Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social.

Para o desenvolvemento das medidas incluídas nos ditos instrumentos a Xunta ven realizando un importante esforzo orzamentario nos últimos anos. A D.X. de Inclusión Social conta en 2019 cun orzamento de mais de 119 millóns de euros, un 70% máis do que se destinaba hai 10 anos. Así mesmo, as medidas pertencentes á área competenciais doutros departamentos da Administración Autonómica contan co seu propio crédito.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:40:41
Nº Rexistro: 54219
Data envio: 28/08/2019 10:40:41.420

De entre as medidas implementadas máis recentemente cómpre destacar dúas :

A publicación do decreto de regulación da RISGA, que coa entrada en vigor de dous novos tramos da axuda está a permitir o incremento das contías a percibir por moitos beneficiarios, entre outras melloras.

A aprobación do primeiro plan autonómico para atención ás persoas sen fogar en Galicia, que suporá a aplicación de novos enfoques e un importante respaldo económico ata o 2023, nunha aposta pola eficacia na calidade da resposta e na redución desta problemática social en Galicia.

Os últimos datos oficiais de pobreza publicados amosan a efectividade destas medidas:

De acordo cos datos do INE, Galicia reduciu en 2018 en mais dun 30% o número de persoas que se atopa nunha situación de carencia material severa, pasando do 2,4% en 2017 ao 1,6% en 2018, o que consolida unha baixada por cuarto ano consecutivo. Este valor é menos dun terzo do rexistrado no conxunto do Estado (5,4%), sendo Galicia a segunda comunidade autónoma con menor taxa de privación material severa, só por detrás de Aragón.

Así mesmo, o valor da taxa AROPE (23 %) e do risco de pobreza económica (18,8%) en Galicia son inferiores aos do conxunto do Estado (26,1% e 21,5% respectivamente)**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:40:41
Nº Rexistro: 54219
Data envio: 28/08/2019 10:40:41.420

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:40:15

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:35
Nº Rexistro: 53590
Data envio: 08/08/2019 13:45:35.382

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50953** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a mellorar o servizo de ferrocarril"**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A pesar de que a Xunta de Galicia non é titular das competencias de transporte ferroviario, está a traballar e mantense vixilante para que se presten os servizos aos usuarios coa calidade debida.

Para o Goberno galego é unha prioridade a mellora da mobilidade ferroviaria no territorio galego, eficiente e sustentable, que favoreza e garanta os desprazamentos dos cidadáns.

Por iso, a Xunta solicitou en repetidas ocasións a Renfe que priorice os labores de mantemento dos trens adscritos aos seus servizos na Comunidade para que esta causa de incidencias se mitigue. Neste sentido, Renfe ten informado de que está a realizar diversos procesos de licitación para a adquisición de material móbil, para poder mellorar os diferentes servizos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:45:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:35
Nº Rexistro: 53590
Data envio: 08/08/2019 13:45:35.382

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:45:32

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53555
Data envio: 07/08/2019 14:02:53.794
Data 07/08/2019 14:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42673** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o proxecto de senda peonil do Val"**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"O 13 de abril de 2018 asinouse o contrato de obras de construción do "Itinerario peonil e ciclista na AC-116. Tramo: Río do Pozo – AC-114. P. K. 4+120-6+500", cun prazo de execución de 6 meses e sobre un proxecto cuxo deseño foi traballado conxuntamente co Concello de Narón nun proceso que levou varios meses por técnicos da Axencia Galega de infraestruturas. Non obstante, as obras non se puideron iniciar a causa dunha forte oposición por parte dalgúns veciños, a pesar dos reiterados intentos de diálogo por parte da Administración autonómica, que garantiu que se adaptaría o proxecto, en todo o posible, ás súas demandas -e do compromiso do Concello de mediar-, pero sempre de modo que non se prexudicase a seguridade viaria.

Finalmente, a Administración autonómica acordou desistir desta obra, se ben comunicou ao Concello de Narón o seu compromiso de seguir a traballar na mellora da seguridade viaria no Val, no caso de que o Concello presente unha proposta de proxecto que conte co consenso da veciñanza e sempre que cumpra a condición imprescindible de garantir a seguridade viaria e co visto bo dos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172825
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/08/2019 14:02:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53555
Data envio: 07/08/2019 14:02:53.794

Non obstante, a Xunta seguirá co desenvolvemento do Plan de Sendas de Galicia nas 11 comarcas identificadas como prioritarias, e en concreto na propia comarca de Ferrol, dada a súa demanda e boa acollida nos lugares onde se executan as obras, pola significativa mellora que supoñen de seguridade viaria para os usuarios máis vulnerables das estradas e a pesar das lóxicas molestias para os veciños pola ocupación dos terreos necesarios**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53555
Data envio: 07/08/2019 14:02:53.794

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:02:50

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:38
Nº Rexistro: 54263
Data envio: 28/08/2019 10:47:38.685
Data 28/08/2019 10:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 49413,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios que lle vai reportar á veciñanza a implantación dos parques eólicos de Bustelo, Monte Toural e Campelo, nos concellos de Carballo, Coristanco e Santa Comba"**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da interpelación 49414 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de xuño de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-ordinario-2019-06-26?part=49c1a620-09cc-4935-be97-219eda29e60d&start=10286

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:47:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:38
Nº Rexistro: 54263
Data envio: 28/08/2019 10:47:38.685

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:47:35

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:16
Nº Rexistro: 54253
Data envio: 28/08/2019 10:46:16.295
Data 28/08/2019 10:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50110** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"o número total de vivendas de promoción pública existente na actualidade no concello de Cangas e as previsións do Goberno galego para a posta a disposición de novas vivendas deste tipo nese concello durante o ano 2019"**, (publicada no BOPG número 481 do 29 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"En Cangas do Morrazo existen un total de 99 vivendas de promoción pública, sendo entregadas as últimas en 2011. En 2019 adxudicaranse as vivendas que poidan queda vacantes.

Cómpre lembrar que a presenza no Rexistro de Demandantes non significa que os inscritos non dispoñan de axudas públicas para a vivenda a través doutras canles como poden ser as axudas ao alugueiro ou o Bono de Alugueiro Social.

Ademais, a Xunta puxo a disposición dos concellos o programa de Vivendas Baleiras, co obxectivo de poñer no mercado de alugueiro vivendas desocupadas. Os concellos de Cangas do Morrazo, Marín e Moaña adheríronse a este programa. Segundo establecen as bases, corresponde ao municipio a xestión da incorporación de vivenda ao programa e a súa adxudicación. Ata o momento, destes tres concellos só o de Marín incorporou vivendas ao programa.

Así mesmo, a Xunta dota aos concellos pequenos e medianos de instrumentos para dotarse dun parque municipal de vivenda en alugueiro ao abeiro das competencias que lles atribúe a lei de bases de réxime local.

Deste xeito, os concellos de menos de 50.000 habitantes poden empregar o fondo de cooperación para adquirir e rehabilitar inmobles e os de menos de 20.000 habitantes o

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:46:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:16
Nº Rexistro: 54253
Data envio: 28/08/2019 10:46:16.295

programa de rehabilitación de vivendas de mestres, outros oficios e outras de titularidade municipal para rehabilitar vivendas destinadas ao alugueiro, con axudas de ata o 90% do custo. Combinando estas dúas axudas, os concellos de menos de 20.000 habitantes poden dotarse dun parque público de vivendas sen practicamente custo para as arcas municipais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:16
Nº Rexistro: 54253
Data envio: 28/08/2019 10:46:16.295

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:46:12

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:08
Nº Rexistro: 54252
Data envio: 28/08/2019 10:46:08.513
Data 28/08/2019 10:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50115** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento, reutilización e reciclaxe dos residuos sólidos urbanos e, nomeadamente, os biorresiduos"**, (publicada no BOPG número 481 do 29 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está comprometida a alcanzar os máis altos niveis de reciclaxe esixidos por Europa. En todo caso, cómpre lembrar que as entidades municipais ostentan a competencia sobre recollida e tratamento dos residuos de orixe doméstica e tamén son as que deciden que sistema de xestión é o máis axeitado para o seu territorio.

Con todo, tal e como recolle a planificación aprobada na materia, afianzarase a colaboración coas entidades locais, especialmente no referente á recollida e tratamento dos biorresiduos.

Actualmente, a Xunta está a apoiar aos concellos galegos coa implantación de medidas que os axuden na toma de decisións para a implantación de diferentes modelos de recollida e tratamento da fracción orgánica. Así, estase a traballar facilitando composteiros individuais que redundan na prevención de residuos, tamén facilitando contenedores para a recollida separada da fracción orgánica ou desenvolvendo proxectos demostrativos. Estas liñas colaborativas seguirán a desenvolverse respectando as competencias que cada administración ten abribuídas.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172833
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:46:04

Cabe salientar, ademais, que Sogama xa ten a disposición dos concellos a maior planta de tratamento das previstas no plan galego cunha capacidade de tratamento de 15.000 toneladas por ano."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:08
Nº Rexistro: 54252
Data envio: 28/08/2019 10:46:08.513

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:46:04

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:45:45
Nº Rexistro: 54249
Data envio: 28/08/2019 10:45:45.170
Data 28/08/2019 10:45

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50276** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para o desenvolvemento regulamentario da Lei 13/2013, de caza de Galicia, así como para a apertura dun procedemento aberto e participativo para ese fin"**, (publicada no BOPG número 482 do 4 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Actualmente, o Goberno galego está a traballar no desenvolvemento regulamentario da lei 13/2013, do 23 de decembro, e prevese a súa aprobación durante o exercicio 2020.

Como non podería ser doutro xeito, a tramitación do regulamento adecuarase ao principio de transparencia, de conformidade non só coas esixencias da Lei 27/2006, do 18 de xullo, de regulación dos dereitos de información, senón tamén coas premisas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:45:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:45:45
Nº Rexistro: 54249
Data envio: 28/08/2019 10:45:45.170

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:45:41

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:45:37
Nº Rexistro: 54248
Data envio: 28/08/2019 10:45:37.357
Data 28/08/2019 10:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50382** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as denuncias referidas ao amoreamento, depósito e xestión supostamente irregular de residuos da construción e demolición potencialmente contaminantes que veñen facendo varias compañías en predios de solo rústico situados no concello da Laracha, a autorización polo Goberno galego destas verteduras e a aplicación do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022"**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"En maio de 2019, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tivo coñecemento dunha denuncia na que se daba conta dun acopio e vertido irregular de residuos de construción e demolición nas inmediacións do campo de fútbol no concello da Laracha. Unha vez se tivo coñecemento dos feitos, o Concello remediou a situación, limpando a zona e levando os residuos a un xestor autorizado.

Como non pode ser doutro xeito, a Xunta persegue e sanciona calquera actuación ilegal relacionada coa xestión de residuos, en cumprimento e aplicación do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172838
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:45:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:45:37
Nº Rexistro: 54248
Data envio: 28/08/2019 10:45:37.357

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:45:33

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:50
Nº Rexistro: 53592
Data envio: 08/08/2019 13:45:50.179
Data 08/08/2019 13:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50428** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a valoración do Goberno galego en relación coa suspensión cautelar polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública do procedemento para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e cos recursos presentados polas organizacións sindicais e patronais do sector, a súa posible incidencia no calendario previsto para a adxudicación e posta en funcionamento das novas concesións, así como as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Con data de 23 de maio de 2019, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia resolveu desestimar todos os recursos interpostos polas asociacións e federacións de transporte e polas organizacións sindicais do sector, contra os pregos da concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, así como levantar as suspensións acordadas no seu día, dándolle a razón á Xunta.

Con data de 24 de xullo de 2019, tamén a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acordou denegar a medida cautelar de suspensión do Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia solicitada polas federacións do transporte, por tratarse da adxudicación dun contrato 'dun servizo público de transporte' cuxa suspensión 'implicaría deixar a gran parte da cidadanía sen transporte público e aproximadamente a 10.000 alumnos sen transporte e afectaría á implantación das importantes melloras previstas'.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:45:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:50
Nº Rexistro: 53592
Data envio: 08/08/2019 13:45:50.179

Tendo en conta o exposto, considérase que o Plan de Transporte Público de Galicia, que foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 29 de novembro de 2018, segue a ser válido en todo o seu contido, sobre todo tendo en conta que foi o resultado do maior esforzo en materia de diálogo e negociación con todos os axentes sociais e institucionais que nunca se tivera feito en Galicia para a elaboración de ningún outro instrumento de planificación en materia de transporte público, con reunións individuais con cada un dos concellos de Galicia e innumerables reunións e negociacións con representantes dos sindicatos, federacións e asociacións de empresas de transporte de viaxeiros por estrada máis representativos do sector, asociacións de nais e pais e outros moitos colectivos. A Xunta dispón das medidas e mecanismos necesarios para garantir a continuidade da prestacións dos servizos e que Galicia non quede nin un só día sen transporte público**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:50
Nº Rexistro: 53592
Data envio: 08/08/2019 13:45:50.179

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:45:46

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:45:12
Nº Rexistro: 54245
Data envio: 28/08/2019 10:45:12.951
Data 28/08/2019 10:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50640** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a prohibición da tenza dun animal doméstico pola persoa arrendataria dunha vivenda, reflectida no modelo de contrato do Programa de vivendas baleiras"**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O programa de Vivendas Baleiras establece que será cada concello o que elabore as bases polas que se rexerá este programa no seu termo municipal, sempre de acordo co establecido no programa e polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

Para facilitar o labor dos concellos, o IGVS ofrece un modelo de ditas bases, que pode modificarse e adaptarse ás peculiaridades de cada concello. Así mesmo, ofrece un modelo de contrato que se pode modificar por acordo entre as partes, sempre que non se alteren as condicións do programa.

Polo tanto, a prohibición ou autorización de tenza de animais domésticos nas vivendas acollidas ao programa pode ser acordada entre arrendatario e arrendador."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:45:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:45:12
Nº Rexistro: 54245
Data envio: 28/08/2019 10:45:12.951

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:45:09

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:24
Nº Rexistro: 54239
Data envio: 28/08/2019 10:44:24.685
Data 28/08/2019 10:44

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 51032** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **"as medidas a tomar pola Xunta de Galicia destinadas a erradicar a mimosa"**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda conta cunha proposta técnica de plan estratéxico para a xestión das especies exóticas invasoras en Galicia, mediante a que se priorizan as actuacións de prevención e actuación temperá sobre as distintas especies exóticas invasoras, sempre de acordo cun sistema estandarizado de análise de riscos e seguimento ambiental.

En liña con estes criterios, as actuacións nesta materia céntranse principalmente na erradicación nos lugares prioritarios para a conservación de especies autóctonas, principalmente nos lugares da Rede Natura.

No caso da mimosa, elabóranse materiais de divulgación e sensibilización, campañas divulgativas sobre a problemática das especies exóticas invasoras e incorporáronse nos instrumentos de planificación da xestión dos espazos naturais protexidos apartados concretos para a eliminación desta especie.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172845
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:44:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:24
Nº Rexistro: 54239
Data envio: 28/08/2019 10:44:24.685

Ademais, véñense desenvolvendo desde hai anos actuacións de eliminación de mimosas en lugares con posibilidades de control elevadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:24
Nº Rexistro: 54239
Data envio: 28/08/2019 10:44:24.685

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:44:21

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:43:36
Nº Rexistro: 54233
Data envio: 28/08/2019 10:43:36.420
Data 28/08/2019 10:43

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 51404** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo e outros deputados do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego referida á medida adoptada polo Goberno portugués para limitar os prezos dos alugueiros de vivenda e a súa posible incidencia para Galicia, así como as actuacións previstas para garantir a súa competitividade fronte a Portugal"**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Polo que respecta a Portugal, cómpre sinalar que non se poden comparar os prezos da vivenda no país veciño con Galicia da mesma maneira que non se pode comparar o nivel de ingresos. E, en calquera caso, só o tempo demostrará se as medidas adoptadas en Portugal teñen efectos positivos ou negativos sobre a vivenda en alugueiro.

Antes que en Portugal a medida foi adoptada noutras partes, como Berlín ou París, casos nos que están poñendo en revisión ditas medidas porque non obtiveron os resultados agardados."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:43:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:43:36
Nº Rexistro: 54233
Data envio: 28/08/2019 10:43:36.420

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:43:32

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:20
Nº Rexistro: 53588
Data envio: 08/08/2019 13:45:20.992
Data 08/08/2019 13:45

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51720** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando , sobre **"a información formal da Xunta de Galicia respecto do anuncio da inclusión da saída sur de Vigo na rede básica europea de transportes, o prazo previsto para a materialización desa decisión e a posibilidade de inclusión nesa rede da conexión ferroviaria Vigo-Porto"**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada 'saída sur' de Vigo forma parte do trazado da Rede Básica Europea de transportes, polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios da próxima convocatoria do 'Mecanismo Conectar Europa'.

O director xeral de Mobilidade da Xunta foi informado neste sentido polos representantes da Comisión Europea no transcurso da reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico que a Dirección Xeral de Transporte da UE celebrou no mes de xuño en Bruxelas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:45:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:45:20
Nº Rexistro: 53588
Data envio: 08/08/2019 13:45:20.992

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:45:17

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:39
Nº Rexistro: 53661
Data envio: 09/08/2019 13:59:39.576
Data 09/08/2019 13:59

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42863** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, obre **"as razóns da Xunta de Galicia para acelerar o proceso de substitución da débeda que mantén en axentes privados cara débeda contraída cos mecanismos públicos e o sobrecusto asociado a non ter acudido a este sistema de financiamento"**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 12 de abril o Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos europeos compareceu na Comisión 3ª do Parlamento de Galicia a petición propia para explicar polo miúdo a situación da débeda de Galicia, de acordo cos datos de peche do ano 2018, a evolución do endebedamento na última década, a xestión da débeda desenvolvida pola Xunta de Galicia en resposta á complexa situación da última década desde o punto de vista económico e financeiro, e nun contexto de incremento xeneralizado da débeda publica en España e en Europa e a estratexia a seguir nos vindeiros anos.

Explicou o Director que Galicia, na última década, vén adoptando as decisións máis convenientes para os intereses da Comunidade Autónoma, exercendo o seu autogoberno sen limitacións. Por iso, ata 2015 Galicia financiouse nos mercados financeiros con tipo de xuro de mercado. Desde 2015 vense financiando no Fondo de Facilidade Financeira, un mecanismo reservado para as CCAA cumpridoras cos obxectivos de estabilidade e con mellores condicións que as que viña ofrecendo o mercado neses mesmos anos.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172852
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:59:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:39
Nº Rexistro: 53661
Data envio: 09/08/2019 13:59:39.576

Neste exercicio 2019 Galicia volve aos mercados de débeda por varias razóns: a mellora das condicións (tipo xuro 0%) que ofrecen os mercados, cunha redución significativa dos diferenciais que a Xunta aproveitará para afondar na reestruturación da débeda; a modificación das condicións que ofrece o Fondo de Facilidade Financeira respecto das de 2015; o actual contexto de mercado, con abundante liquidez; e a conveniencia de estar en mellores condicións para afrontar a supresión dos mecanismos de facilidade para o financiamento. Isto non supón un aumento do endebedamento, senón que ten como finalidade amortizar préstamos xa existentes.

Galicia é a autonomía de referencia no control do seu endebedamento, totalmente estabilizado desde 2014 e no peche de 2018 volveu a baixar a ratio de débeda ata o 18,1%, unha das máis baixas de España. A xestión rigorosa da Xunta ten evitado que Galicia emitise 3.800 millóns de euros, xa que é a comunidade autónoma que menos incrementou o seu volume de débeda desde o ano 2008**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:39
Nº Rexistro: 53661
Data envio: 09/08/2019 13:59:39.576

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:59:36

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:23
Nº Rexistro: 53659
Data envio: 09/08/2019 13:59:23.326
Data 09/08/2019 13:59

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43860** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e dona Julia Torregrosa Sañudo, obre **"os acredores da débeda pública galega e o pagamento dos xuros que esta xera"**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 12 de abril o Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos europeos compareceu na Comisión 3ª do Parlamento de Galicia a petición propia para explicar polo miúdo a situación da débeda de Galicia, de acordo cos datos de peche do ano 2018, a evolución do endebedamento na última década, a xestión da débeda desenvolvida pola Xunta de Galicia en resposta á complexa situación da última década desde o punto de vista económico e financeiro, e nun contexto de incremento xeneralizado da débeda publica en España e en Europa e a estratexia a seguir nos vindeiros anos.

Explicou o Director que Galicia vén adoptando as decisións máis convenientes para os intereses da Comunidade Autónoma, exercendo o seu autogoberno sen limitacións. Por iso, ata 2015 Galicia financiouse con normalidade nos mercados financeiros, obtendo mellores condicións que a través do FLA, e desde 2015 vense financiando no Fondo de Facilidade Financeira, un mecanismo reservado para as CCAA cumpridoras cos obxectivos de estabilidade e con mellores condicións que as que viña ofrecendo o mercado neses mesmos anos.

As emisións de débeda da CCAA son públicas, todas as emisións de débeda pública se autorizan mediante Orde do Conselleiro/a de Facenda, e publícanse na paxina web da Xunta, dende o momento en que se emiten ata o momento en que se amortizan, con todas

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:59:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:23
Nº Rexistro: 53659
Data envio: 09/08/2019 13:59:23.326

as súas condicións financeiras, e estas están publicadas no Diario Oficial de Galicia cos mesmos datos que se lle recollen na Orde que as aproba.

Ademais as emisións de débeda publica están representadas mediante anotacións en conta e cotizan e se negocian nos mercados organizados. En concreto, ao igual que a débeda do estado ou de outras CCAA, a débeda pública da nosa Comunidade Autónoma cotiza no Mercado de Deuda Pública de Anotacións.

Por outro lado o Banco de España, como prestador do servizo financeiro da débeda pública, facilita os procedementos de emisión, amortización e xestión da débeda pública, e publica no seu boletín todos os acontecementos relacionados coas emisións, anuncios de novas emisións, as emisións que se formalizan, a súa cotización diaria e a súa amortización.

A Xunta de Galicia leva a cabo unha política financeira baseada na prudencia e responsabilidade, na solvencia e sostenibiliade das finanzas e na transparencia e rigorosidade do endebedamento.

A xestión prudente e responsable ponse de manifesto cos datos que publica cada trimestre o Banco de España que sitúan a Galicia como a comunidade que menos incrementou o seu volume de débeda na última década e consolidase hoxe entre as CCAA con un menor nivel de débeda, sexa cal sexa o indicador de referencia que se tome**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:23
Nº Rexistro: 53659
Data envio: 09/08/2019 13:59:23.326

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:59:19

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:15
Nº Rexistro: 53658
Data envio: 09/08/2019 13:59:15.983
Data 09/08/2019 13:59

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44301** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e don Luis Villares Naveira, obre **"as intencións da Xunta de Galicia respecto á reestruturación da débeda e a diferenza de custe entre o financiamento a través dos mercados financeiros e os mecanismos públicos"**, (publicada no BOPG número 422 do 30 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 8 de febreiro na Comisión 3ª do Parlamento de Galicia o Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a unha pregunta oral confirmou que Galicia cumpre os requisitos para poder combinar o financiamento nos mercados coa permanencia no Fondo de Facilidade Financeira, o mecanismo habilitado pola Administración do Estado para as comunidades cumpridoras. Galicia cumpre os obxectivos de estabilidade, o límite de débeda e regra de gasto; cumpre o límite de pago a provedores, sendo a comunidade líder en España; e conta coa cualificación crediticia de grao de investimento, e ao cumprir todos estes requisitos simultanear as dúas fontes de financiamento (mercados e fondo de facilidade).

O director xeral detallou que o retorno de Galicia aos mercados ía ser gradual, e a previsión é que no 2019 a metade do financiamento procederá dos mercados e a outra metade realizarase a través do Fondo de Facilidade, mentres que nos seguintes anos incrementarase de xeito paulatino a presenza nos mercados. Deste xeito, a Xunta de Galicia será unha das comunidades que se poderá aproveitar da abundante liquidez, dos tipos historicamente baixos e da elevada demanda dos investidores.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:59:12

Ademais, sinalou que Galicia seguirá apostando pola diversificación dos instrumentos financeiros e por un alongamento da vida media da carteira de débeda, aproveitando as actuais condicións de financiamento que ofrece o mercado.

Así o 28 de febreiro Galicia pechou con éxito a primeira emisión de débeda que leva a cabo a Comunidade Autónoma desde 2014. Tratase dunha emisión de 400 millóns de euros en bonos a longo prazo, cunha demanda que multiplicou por cinco a oferta e supón o inicio do seu retorno gradual aos mercados de débeda.

Por outra banda o pasado 12 de abril o Director Xeral compareceu na Comisión 3ª do Parlamento de Galicia, a petición propia, para explicar polo miúdo a situación da débeda de Galicia, de acordo cos datos de peche do ano 2018, a evolución do endebedamento na última década, a xestión da débeda desenvolvida pola Xunta de Galicia en resposta á complexa situación da última década desde o punto de vista económico e financeiro, e nun contexto de incremento xeneralizado da débeda publica en España e en Europa e a estratexia a seguir nos vindeiros anos**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:59:15
Nº Rexistro: 53658
Data envio: 09/08/2019 13:59:15.983

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:59:12

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:58:44
Nº Rexistro: 53654
Data envio: 09/08/2019 13:58:44.998
Data 09/08/2019 13:58

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46510** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **" o contido e os datos referidos á tramitación do Plan plurianual de endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia remitido á Administración central o 7 de xaneiro de 2019"**, (publicada no BOPG número 437 do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"O expediente do Plan Plurianual de Endebedamento remitido á administración do Estado foi enviado ao Parlamento o pasado 11 de xullo dando resposta á solicitude de información do Grupo Parlamentario Socialista con número de rexistro 46482.

Por outra banda o pasado 12 de abril o Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos compareceu a petición propia ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos para dar conta da situación do endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta comparecencia o Director explicou polo miúdo os datos de peche de 2018, a evolución do endebedamento na que fixo referencia a o endebedamento dos organismos, empresas e sociedades públicas, e a estratexia de endebedamento de cara ao futuro da Comunidade Autónoma**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:58:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:58:44
Nº Rexistro: 53654
Data envio: 09/08/2019 13:58:44.998

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:58:41

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:46:12
Nº Rexistro: 53595
Data envio: 08/08/2019 13:46:12.585
Data 08/08/2019 13:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46805** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a avaliación da Xunta de Galicia respecto da operación de compra de Liberbank que está a levar a cabo Abanca, así como as súas posibles repercusións para o conxunto da economía galega e o sistema financeiro"**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"A finais do mes de febreiro pasado Abanca xa anunciara publicamente que non ía presentar unha OPA para adquirir a entidade bancaria LIberbank, e tal e como o anunciou a día de hoxe Abanca non adquiriu dita entidade.

Para a Xunta de Galicia sempre é positivo que as empresas galegas queiran gañar fortaleza, abrir novos mercados e ampliar o seu negocio, pero a Xunta non entra a valorar posibles operacións empresariais do ámbito privado.

Tamén é positivo para a Xunta de Galicia que unha empresa galega medre en tamaño e sexa capaz de crear novos empregos. Así Abanca creou no último ano máis de 400 novos empregos, ata a acadar un plantel de traballadores de case 5.000 persoas.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172863
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/08/2019 13:46:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:46:12
Nº Rexistro: 53595
Data envio: 08/08/2019 13:46:12.585

Hai que lembrar que estamos ante a maior entidade financeira de Galicia, que é unha das poucas comunidades autónomas que teñen unha entidade radicada no seu territorio**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:46:12
Nº Rexistro: 53595
Data envio: 08/08/2019 13:46:12.585

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/08/2019 13:46:08

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:57:42
Nº Rexistro: 53649
Data envio: 09/08/2019 13:57:42.280
Data 09/08/2019 13:57

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47754** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a valoración do Goberno galego respecto do sector financeiro e da posición de Abanca"**, (publicada no BOPG número 446 do 21 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda ,** que ten o seguinte contido:

"Hai que lembrar que falamos da maior entidade financeira de Galicia, que é unha das poucas comunidades autónomas que teñen unha entidade radicada no seu territorio.

Abanca pechou o exercicio 2018 entre as entidades mais solventes de España, superando amplamente os requisitos regulatorios exixidos polo BCE e polo BE, creando no último ano máis de 400 novos empregos, ata acadar un plantel de traballadores de case 5.000 persoas.

Para a Xunta de Galicia, sempre é positivo que unha empresa galega medre en tamaño e sexa capaz de crear novos empregos.

Dentro do máximo respecto que a Xunta ten por calquera empresa do ámbito privado, o Goberno galego confía en que Abanca siga potenciando o seu negocio en Galicia, un negocio que está centrado principalmente nas nosas empresas –incluídas as pemes e os autónomos- e nos fogares galegos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/08/2019 13:57:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:57:42
Nº Rexistro: 53649
Data envio: 09/08/2019 13:57:42.280

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/08/2019 13:57:18

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:30
Nº Rexistro: 54262
Data envio: 28/08/2019 10:47:30.966
Data 28/08/2019 10:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49761,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **"as razóns do incremento que rexistra en Galicia a recadación do imposto sobre sucesións e doazóns en relación co ano 2015, a realización pola Consellería de Facenda dalgún estudo comparativo respecto da súa evolución nos dez últimos anos, así como o impacto que van ter no ano 2019 os beneficios fiscais establecidos no artigo 2 da Lei 3/2018"**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Grazas á rebaixa fiscal aprobada pola Xunta en 2016, máis do 99% dos galegos non pagan nin un euro polo Imposto sobre Sucesións cando reciben unha herdanza dun familiar por vía directa. Así no ano 2018, 105.000 galegos recibiron unha herdanza e non pagaron o Imposto sobre Sucesión

Galicia foi unha das primeiras comunidades en suprimir na práctica este imposto no caso nas herdanzas entre ascendentes e descendentes.

Respecto dos datos de recadación do ano 2018, hai que ter en conta que están influídos polos excepcionais resultados das actuacións de loita contra a fraude fiscal iniciadas nos últimos anos, que tiveron un efecto positivo na recadación deste imposto o ano pasado

En todo caso, coa nova rebaixa aprobada pola Xunta para as herdanzas entre irmáns, Galicia é a 4ª comunidade autónoma que menos ingresará por este imposto en 2019.

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:47:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:30
Nº Rexistro: 54262
Data envio: 28/08/2019 10:47:30.966

O Goberno galego mantén unha aposta decidida polas baixadas de impostos, porque cremos que os cidadáns teñen que notar os efectos da recuperación económica e porque estas baixadas están a ter efectos moi positivos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:30
Nº Rexistro: 54262
Data envio: 28/08/2019 10:47:30.966

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:47:26

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:43:53
Nº Rexistro: 54235
Data envio: 28/08/2019 10:43:53.263
Data 28/08/2019 10:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 51376** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para garantir a correcta aplicación en Galicia das medidas de protección das persoas usuarias das entidades financeiras, así como a súa valoración en relación co cumprimento do Código de Boas Prácticas Bancarias e da Directiva sobre Mercados de Instrumentos Financeiros MIFID II"**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 51374 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de xullo de 2019.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:43:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:43:53
Nº Rexistro: 54235
Data envio: 28/08/2019 10:43:53.263

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-07-10?part=b7d08d79-0bb9-431c-948c-9e6ebd82c9b0&start=113

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:43:53
Nº Rexistro: 54235
Data envio: 28/08/2019 10:43:53.263

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:43:49

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:26
Nº Rexistro: 54222
Data envio: 28/08/2019 10:41:26.451
Data 28/08/2019 10:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 51789** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **"a valoración do Goberno galego en relación cos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con doce concellos galegos no primeiro cuadrimestre de 2019 por un importe total de 3.545.510 euros, os criterios de selección seguidos para o seu asinamento e a publicación dos subscritos durante a X lexislatura"**, (publicada no BOPG número 495 do 1 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfire á entidade local correspondente; ou trátase de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, como é o caso de Abegondo ou Ourense, nos que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras.

En calquera caso, é unha parte mínima do orzamento de capital da Axencia Galega de Infraestruturas a que se destina aos convenios de colaboración con entidades locais. En concreto, supón unicamente o 1,66% da suma dos capítulos VI+VII no orzamento da AXI para 2019. E hai que considerar que a maior parte das actuacións

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:26
Nº Rexistro: 54222
Data envio: 28/08/2019 10:41:26.451

da AXI derivan de instrumentos nos que os criterios de asignación de recursos son obxectivos, como a seguridade viaria (de acordo coa metodoloxía de identificación de Treitos de Concentración de Accidentes); a mellora da mobilidade peonil e ciclista (Plan de Sendas de Galicia, coas estratexias comarcais publicadas na web da AXI); e co Plan de reforzos de firme, que se deseña en base ás inspeccións dos técnicos de acordo co estado global dos firmes da rede autonómica en cada ano. Tamén é significativo que a actuación de maior contía nos orzamentos para 2019 é a autovía do Morrazo, obra que se sitúa no concello de Moaña e dá servizo fundamentalmente a Moaña, Cangas e Bueu.

En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos desde o comezo desta X lexislatura ata a data de hoxe publícanse no *Diario Oficial de Galicia*, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así, o artigo 15 de Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior. En concreto, a Axencia Galega de Infraestruturas publicou nas seguintes datas os convenios subscritos na presente lexislatura:

Convenios 2016	DOG nº 110, do 10 de xuño de 2016 DOG nº 184, do 27 de setembro de 2016DOG nº 31, do 14 de febreiro de 2017
Convenios 2017	DOG nº 105, do 5 de xuño de 2017 DOG nº 185, do 28 de setembro de 2017 DOG Nº 25, do 5 de febreiro de 2018
Convenios 2018	DOG nº 105, do 4 de xuño de 2018 DOG nº 192, do 8 de outubro de 2018 DOG nº 32, do 14 de febreiro de 2019
Convenios 2019 ata a data de hoxe	DOG nº 99, do 27 de maio de 2019

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En canto á Base de Datos Nacional de Subvencións (www.infosubvenciones.es), regulada pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, a Axencia Galega de Infraestruturas publica nesta base de datos todos os convenios de colaboración incluídos na partida orzamentaria 512.B 760.0 dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia: *obras en materia de estradas (convenios corporacións locais).*

A Axencia Galega de Infraestruturas remítelle cada cuadrimestre ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, todos os convenios de colaboración asinados durante ese período no exercicio das súas funcións. Desde o departamento autonómico que xestiona o dito Rexistro estase tentando mellorar o ritmo para dar publicidade aos convenios na web co desenvolvemento dunha aplicación informática máis moderna e polo tanto máis áxil que permitirá levar a cabo a publicidade dos convenios asinados pola Xunta de Galicia en tempos moito máis curtos e tamén axilizar os trámites deste procedemento co obxectivo dunha tramitación electrónica integral.**”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:26
Nº Rexistro: 54222
Data envio: 28/08/2019 10:41:26.451

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:41:22

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:09
Nº Rexistro: 54220
Data envio: 28/08/2019 10:41:09.670
Data 28/08/2019 10:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51956** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas económicas que vai aplicar a Xunta de Galicia para axudar o dezasete e medio por cento da poboación galega a saír da situación de exclusión social en que se atopa"**, (publicada no BOPG número 498 do 4 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, e especificamente a Consellería de Política Social, dispón de instrumentos dirixidos ás persoas que mais o necesitan.

As medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica:

Na Estratexia Social de Inclusión de Galicia 2014-2020, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período 2014-2020 cun enfoque baseado na inclusión social activa.

e na Axenda Social Única de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais – Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social.

Para o desenvolvemento das medidas incluídas nos ditos instrumentos a Xunta ven realizando un importante esforzo orzamentario nos últimos anos. A D.X. de Inclusión Social conta en 2019 cun orzamento de mais de 119 millóns de euros, un 70% máis do que se destinaba hai 10 anos. Así mesmo, as medidas pertencentes á área competenciais doutros departamentos da Administración Autonómica contan co seu propio crédito.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:40:54

De entre as medidas implementadas máis recentemente cómpre destacar dúas :

A publicación do decreto de regulación da RISGA, que coa entrada en vigor de dous novos tramos da axuda está a permitir o incremento das contías a percibir por moitos beneficiarios, entre outras melloras.

A aprobación do primeiro plan autonómico para atención ás persoas sen fogar en Galicia, que suporá a aplicación de novos enfoques e un importante respaldo económico ata o 2023, nunha aposta pola eficacia na calidade da resposta e na redución desta problemática social en Galicia.

Os últimos datos oficiais de pobreza publicados amosan a efectividade destas medidas:

De acordo cos datos do INE, Galicia reduciu en 2018 en mais dun 30% o número de persoas que se atopa nunha situación de carencia material severa, pasando do 2,4% en 2017 ao 1,6% en 2018, o que consolida unha baixada por cuarto ano consecutivo. Este valor é menos dun terzo do rexistrado no conxunto do Estado (5,4%), sendo Galicia a segunda comunidade autónoma con menor taxa de privación material severa, só por detrás de Aragón.

Así mesmo, o valor da taxa AROPE (23 %) e do risco de pobreza económica (18,8%) en Galicia son inferiores aos do conxunto do Estado (26,1% e 21,5% respectivamente)**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:41:09
Nº Rexistro: 54220
Data envio: 28/08/2019 10:41:09.670

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:40:54

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:06
Nº Rexistro: 54259
Data envio: 28/08/2019 10:47:06.545
Data 28/08/2019 10:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49950,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Ánxeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **"a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación coa homologación e recoñecemento dos títulos da Escola de Canteiros de Poio, como títulos de ciclo medio e superior, así como as actuacións previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,** que ten o seguinte contido:

"A Escola de Canteiría empeza a súa andadura o 15 de xaneiro de 1979 nas instalacións do mosteiro de Poio, dependente do Ministerio de Cultura. O primeiro curso comeza cunha matrícula de 29 prazas. Posteriormente, en 1982 pasa a depender da Deputación de Pontevedra e a partir do ano 2000 iníciase un novo proxecto con instalacións propias.

A finalidade desta Escola, tal e como se recolle na súa web oficial, é conservar e promover un dos oficios máis antigos e nobres de Galicia, o de cantería, para ensinar a arte de traballar a pedra. Así, o centro desenvolve as súas actividades como un obradoiro de traballo artesanal en pedra, no que se combinan o ensino teórico e o práctico.

A Escola de Canteiros de Poio-Pontevedra, dependente da Deputación de Pontevedra, imparte na actualidade formación propia e non regrada. En concreto, estudos de cantería e de mestre/a cantería.

Desde a perspectiva educativa, a Consellería respecta e valora o prestixio da formación non regrada que recibe o alumnado deste centro –do que sabe que é demandado para traballar en diversos lugares do mundo-, pero non pode entrar en cuestións que non son da súa competencia, xa que na actualidade non son ensinanzas oficiais de FP.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:47:02

Neste momento, relacionados coa pedra están definidos varios ciclos na familia profesional de Industrias extractivas e na de Edificación e Obra Civil, pero estas ensinanzas de FP teñen pouco que ver coa formación de canteiros.

Como é coñecido, existen unhas normas e uns procedementos fixados desde o Estado que debe cumprir a entidade titular da Escola de Canteiros para posibilitar o recoñecemento oficial das súas ensinanzas como formación oficial.

Segundo a normativa educativa vixente, o Goberno central pode decidir crear unha nova titulación de FP que se axuste ás ensinanzas de cantería e mestre de cantería, modificando o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Unha vez exista ese novo título, é cando sería posible o poder facilitar a homologación ou recoñecemento dos títulos expedidos pola escola.

Por ultimo, a Consellería de Educación, Universidade e FP quere deixar constancia de que está a favor da creación e da existencia de ciclos formativos que teñan relación coa tradición e cos sectores produtivos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:06
Nº Rexistro: 54259
Data envio: 28/08/2019 10:47:06.545

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:47:02

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:56
Nº Rexistro: 54243
Data envio: 28/08/2019 10:44:56.420
Data 28/08/2019 10:44

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50771** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outras deputadas máis do mesmo grupo, sobre **"as tarefas concretas que van desempeñar as persoas voluntarias do programa Son voluntario/a, presentado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en colaboración coa Asociación Empresarial Festivais de Galicia, os criterios seguidos para a súa definición e as previsións do Goberno galego referidas á adopción das medidas necesarias para evitar a incidencia deste programa na situación e dereitos laborais do persoal das empresas organizadoras dos eventos"**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"No protocolo de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Empresarial Festivais de Galicia (asociación incluída no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia) para a implantación do programa ´SON Voluntario/a´ nos festivais de música, establécese que o obxectivo do programa é promover a acción voluntaria entre a xuventude, para que as persoas mozas coñezan o que significa ser voluntario e os beneficios que reporta tanto a nivel persoal como social, así como conseguir que os mozos e mozas se sintan partícipes dos festivais, que vivan a

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:44:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:56
Nº Rexistro: 54243
Data envio: 28/08/2019 10:44:56.420

experiencia desde dentro e poidan sentirse útiles prestando axuda e dando información ao público asistente.

Dentro do mesmo documento recóllense as actividades que poden realizar, quedando acoutadas ao seguinte:

-Dar información de interese sobre os servizos que ofrece o festival (zona de comida, acampada, lugar dos WC, etc.)

-Facilitar a circulación de persoas dentro do festival, sobre todo naqueles puntos de maior concentración, ofrecendo información acerca doutras posibles solucións ou prestando apoio ao persoal da organización.

-Realización, de ser o caso, de actividades de sensibilización medioambiental co fin de promover entre o público asistente a reciclaxe, así como unha consciencia sobre a necesidade de manter limpa a contorna.

Por tanto, o traballo dos mozos e mozas voluntarias baséase en ofrecer información útil de servizo ás persoas que asistan ao festival.

Así mesmo, todos os programas de voluntariado postos en marcha pola Xunta de Galicia garanten, como non pode ser doutro xeito, os dereitos das persoas voluntarias. De feito, e para que elas mesmas coñezan os seus dereitos e obrigas, así como o que significa ser voluntario/a, poñemos a disposición cursos de formación en liña e presenciais sobre diferentes áreas de voluntariado, que animamos a facer antes de participar en calquera acción. Neste sentido, a mesma Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, recolle que a acción voluntaria non substituirá en ningún caso o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos. En definitiva, o programa ´SON Voluntario/a´, ao igual que todos os programas de voluntariado desenvolvidos pola Xunta de Galicia, cumpren coa lexislación vixente.

Asemade, esta non é a única iniciativa de voluntariado destinada á mocidade ou centrada no ámbito cultural, senón que desde a Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado hai unha ampla oferta de programas nestes eidos, como

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:56
Nº Rexistro: 54243
Data envio: 28/08/2019 10:44:56.420

poden ser Voluntariado Cultural nas bibliotecas, Bibliotecas escolares solidarias, Voluntariado de Lectura-A, programa de Voluntariado Xuvenil (orde de axudas destinada a concellos e entidades) ou o programa europeo de voluntariado en espazos naturais LEWO, entre outros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:56
Nº Rexistro: 54243
Data envio: 28/08/2019 10:44:56.420

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:44:52

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:09
Nº Rexistro: 54237
Data envio: 28/08/2019 10:44:09.138
Data 28/08/2019 10:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 51324,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"as razóns da posición que está a defender o Goberno galego respecto das probas de acceso á universidade"**, (publicada no BOPG número 489, do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia foi un dos eixos da comparecencia con número 51608 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 25-26/07/2019; como se pode comprobar consultando o enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-ordinario-2019-06-25?part=72ffcd1a-bfe8-422d-a6ad-756de4fdae98&start=10

Hai que lembrar que a Consellería de Educación, Universidade e FP, en decembro de 2018, deu traslado ao Goberno central do acordo adoptado na Comisión 4ª, de Educación e Cultura, en data 27 de novembro de 2018, do acordo parlamentario que di:

«O Parlamento de Galicia insta o goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España para que, dentro do marco do Pacto Social e Político pola Educación, se articule un procedemento de acceso á universidade no que as probas de acceso garantan o mesmo nivel de esixencia e a igualdade de oportunidades para todos os alumnos independentemente de en que comunidade autónoma residan.»

A posición do Goberno galego pasa por analizar todas as posibilidades, a proba única e outras, para decidir como solucionar unha situación –que recoñecen existe tanto os responsables

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:44:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:09
Nº Rexistro: 54237
Data envio: 28/08/2019 10:44:09.138

políticos como reitores e o alumnado do conxunto do Estado— e lograr garantir unha igualdade de oportunidades.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:09
Nº Rexistro: 54237
Data envio: 28/08/2019 10:44:09.138

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:44:05

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53554
Data envio: 07/08/2019 14:02:46.575
Data 07/08/2019 14:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43853,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as medidas específicas para a emancipación xuvenil e o acceso á vivenda das persoas mozas postas en marcha polo Goberno galego durante a X lexislatura, os seus resultados e os datos desagregados das persoas mozas de ata 35 anos inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, así como a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar as medidas reflectidas no Plan estatal de vivenda con medidas específicas de apoio á emancipación e acceso á vivenda das persoas mozas galegas"**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 23 de abril de 2019 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), en resposta á pregunta oral 43852.

Na súa intervención, o director xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a emancipación xuvenil e as políticas de vivenda destinadas á mocidade galega".

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 23 de abril de 2019:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-04-23?part=a864e6a1-5b97-496e-8f71-73ad397b4bf3&start=4388

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/08/2019 14:02:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53554
Data envio: 07/08/2019 14:02:46.575

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:02:42

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53558
Data envio: 07/08/2019 14:03:16.747
Data 07/08/2019 14:03

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42326** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións do Goberno galego en relación coas centrais hidráulicas que teñen a súa concesión caducada"**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A produción de enerxía hidroeléctrica lévase a cabo mediante o outorgamento de concesións demaniais de uso do dominio público hidráulico a proposta e por iniciativa de empresas privadas que financian a montaxe das centrais e a súa posta en explotación coa previsión da futura reversión das obras á Administración, unha vez rematado o prazo de vixencia. Por este motivo, dado que a implantación dun aproveitamento hidroeléctrico contempla o uso dun ben público como é a auga, durante as distintas fases da súa existencia a explotación está suxeita a un férreo control por parte das Administracións hidráulicas competentes (sexan o Estado ou as Comunidades Autónomas), que esixen ás empresas eléctricas promotoras un rigoroso cumprimento das cláusulas e condicións concesionais e da lexislación vixente, tanto hidráulica, como ambiental e urbanística.

Na actualidade, o mapa de aproveitamentos hidroeléctricos en explotación responde a unha gran variedade de casuística derivada das distintas situacións concesionais orixinais en función do momento do seu outorgamento. Sobre este panorama os organismos encargados da Administración hidráulica deben aplicar novos modelos de xestión hidráulica esixidos polo dereito comunitario, que ten uns mandatos moi específicos respecto dos obxectivos ambientais e respecto dos métodos da súa consecución.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172893
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/08/2019 14:03:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53558
Data envio: 07/08/2019 14:03:16.747

A caducidade das concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso a caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades. As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53558
Data envio: 07/08/2019 14:03:16.747

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:03:13

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53557
Data envio: 07/08/2019 14:03:09.591
Data 07/08/2019 14:03

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42348** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o estado, a data de vixencia e o cumprimento das cláusulas sociais nas concesións dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia"**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A produción de enerxía hidroeléctrica lévase a cabo mediante o outorgamento de concesións demaniais de uso do dominio público hidráulico a proposta e por iniciativa de empresas privadas que financian a montaxe das centrais e a súa posta en explotación coa previsión da futura reversión das obras á Administración, unha vez rematado o prazo de vixencia. Por este motivo, dado que a implantación dun aproveitamento hidroeléctrico contempla o uso dun ben público como é a auga, durante as distintas fases da súa existencia a explotación está suxeita a un férreo control por parte das Administracións hidráulicas competentes (sexan o Estado ou as Comunidades Autónomas), que esixen ás empresas eléctricas promotoras un rigoroso cumprimento das cláusulas e condicións concesionais e da lexislación vixente, tanto hidráulica, como ambiental e urbanística.

Na actualidade, o mapa de aproveitamentos hidroeléctricos en explotación responde a unha gran variedade de casuística derivada das distintas situacións concesionais orixinais en función do momento do seu outorgamento. Sobre este panorama os organismos encargados da Administración hidráulica deben aplicar novos modelos de xestión hidráulica esixidos polo dereito comunitario, que ten uns mandatos moi específicos respecto dos obxectivos ambientais e respecto dos métodos da súa consecución.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172896
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/08/2019 14:03:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53557
Data envio: 07/08/2019 14:03:09.591

Augas de Galicia, como órgano competente en materia de xestión hidráulica das concas intracomunitarias de Galicia, é plenamente coñecedora da situación administrativa de cada expediente relativo aos aproveitamentos hidroeléctricos na bacía hidrográfica de Galicia-Costa, exercendo un exhaustivo control e supervisión de todas as circunstancias (tanto xurídicas, como hidráulicas e ambientais) que conforman cada expediente concesional, e velando polo cumprimento polos titulares dos condicionados e postulados impostos pola Administración, previamente aceptados expresamente polo promotor hidroeléctrico, inherentes ao acto administrativo habilitante do dereito adquirido, por cuxo acatamento e efectividade do seu cumprimento vela esta administración hidráulica.

A caducidade das concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso a caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades. As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53557
Data envio: 07/08/2019 14:03:09.591

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:03:06

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:47
Nº Rexistro: 54264
Data envio: 28/08/2019 10:47:47.263
Data 28/08/2019 10:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 49404,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas á innovación e á mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira"**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A valoración do Goberno galego sobre estas axudas é altamente positiva, xa que se acada o obxectivo de xerar valor no eido rural impulsando á innovación e a renovación tecnolóxica na industria forestal.

As axudas dirixidas á primeira transformación e tecnoloxías forestais, cofinanciadas por fondos FEADER e recollidas no PDR 2014 2020, superpuxeron o financiamento para 118 proxectos de inversión, promovidos por 81 empresas, que mobilizaron 26,9M€ de investimentos mediante a aprobación de 8,9M€ de axudas.

As axudas destinadas á segunda transformación, supuxeron á mobilización de 5,12M€ de investimentos, en 14 solicitudes de pemes mediante axudas por valor de 1.89M€.

Destacar, que o investimento medio é de 350.000€ por empresa o que pon de manifesto o esforzo inversor realizados polas pemes deste sector.

En total foméntanse 132 proxectos de investimentos que mobilizan un total de 33,18M€, financiados con 10,9M€, distribuíndose por provincias do seguinte xeito: na Coruña 51

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172899
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:47:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:47
Nº Rexistro: 54264
Data envio: 28/08/2019 10:47:47.263

proxectos e 12,27M€ de investimentos, en Lugo 49 proxectos e 12.088M€, en Ourense 7 proxectos e 1,638M€ e en Pontevedra 25 proxectos e 7.282M€.

Os investimentos fomentados por ambas ordes de axudas, distribuíronse principalmente no eido rural, salientando, entre outros, Lourenzá, Ourol e Trabada en Lugo; A Veiga, Allariz e Coles en Ourense; Mos, Valga e Vila de Cruces en Pontevedra e Fisterra, Irixoa e Oza Cesuras na Coruña.

Como corolario, a mobilización de fondos públicos realizada pola Xunta de Galicia cumpre os obxectivos establecidos nos programas de axudas, de fomentar os investimentos e a innovación tecnolóxica en pemes que desenvolven a súa actividade no eido rural, axudando á fixación de poboación neste ámbito e a creación de emprego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:47:47
Nº Rexistro: 54264
Data envio: 28/08/2019 10:47:47.263

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:47:43

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:41
Nº Rexistro: 54256
Data envio: 28/08/2019 10:46:41.482
Data 28/08/2019 10:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50057** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona Ánxeles Cuña Bóveda, sobre **"a avaliación da Xunta de Galicia en relación co baixo nivel de execución que presenta o orzamento destinado polo Goberno central á ciencia no ano 2018, o seu impacto en Galicia e as actuacións levadas a cabo para palialo"**, (publicada no BOPG número 481 do 29 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego leva anos apostando de forma clara e inequívoca polas políticas de I+D+i, de forma aliñada co marco europeo e levando a cabo unha renovación dos instrumentos postos en marcha para adaptalos á evolución do contexto e do noso sistema de innovación.

Coa adopción da RIS3 en 2013, a Xunta apostou por un novo marco estratéxico aliñado coas políticas europeas de I+D+I, cun uso máis eficiente e eficaz dos recursos públicos, e capaz de impulsar a transformación da economía galega cara un sistema produtivo baseado na innovación, xerador de crecemento sostible e benestar social.

Dende a posta en marcha da RIS3 en 2014, téñense mobilizados ata o momento 1.280 millóns de euros a través de 850 millóns de euros en 3.815 axudas públicas, que supoñen ao redor do 73% dos 1.625 millóns de euros marcados como obxectivo para 2020.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:46:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:41
Nº Rexistro: 54256
Data envio: 28/08/2019 10:46:41.482

Esta intensa aposta do Goberno da Xunta de Galicia pola I+D+i está dando indubidablemente os seus froitos. Os últimos datos oficiais dispoñibles (INE 2017) mostran incrementos notables no esforzo que está a realizar o sistema galego de innovación en I+D, e de forma destacada as empresas, peza fundamental para transformar o coñecemento e as capacidades en valor social, empregos de calidade e benestar.

O gasto en I+D creceu en Galicia un +13,3% respecto de 2016, superando amplamente o incremento rexistrado tanto no conxunto de España (+6,0%), como na UE (+3,8%) e a Eurozona (+4,5%). Galicia foi a segunda comunidade que máis incrementa o investimento en I+D en 2017.

Se nos centramos nas empresas, o seu gasto en I+D incrementouse en Galicia un +20,1%, un avance moi superior non só ao rexistrado por España (+8,3%), senón tamén ao efectuado polas empresas na UE (+5,1%). O dato das nosas empresas é notable considerando países tan destacados como Alemaña (+9,3%), Francia (+2,2%), Dinamarca (+1,2%) ou Finlandia (+3,2%), por citar tan só algúns.

O persoal dedicado á I+D experimentou en Galicia un avance do +9,6%, que foi do +22,2% nas nosas empresas. Tamén neste caso supón unha evolución moi positiva, máis se a comparamos con España (4,8% e 6,1% respectivamente). Na UE este crecemento foi do +3,8% en na Eurozona do +3,3%.

Por outra banda o retorno conseguido polas entidades galegas no Programa Marco europeo de I+D+I Horizonte 2020 (2014 2020) é de máis de 90 millóns de euros, superando, cando aínda faltan dous anos para a súa finalización, todo o conseguido no anterior Programa Marco de I+D+I FP7 (2007–2013).

E dende o Goberno da Xunta de Galicia séguese a refozar a nivel orzamentario o apoio á I+D+I como o corrobora o incremento que experimentou o orzamento da Axencia Galega de Innovación nos últimos dous anos (2018-2019) que medrou un 53%, 33 millóns de euros máis. Responsables coa execución, en termos de recursos propios, o nivel de execución do orzamento da Axencia Galega de Innovación estivo moi próximo ao 100% nos últimos exercicios e Galicia é a comunidade autónoma cun maior compromiso de gasto dos fondos en I+D+I, cun 76% do total, no marco do obxectivo temático 1 dos fondos FEDER 2014-2020.

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:41
Nº Rexistro: 54256
Data envio: 28/08/2019 10:46:41.482

Os resultados que vamos tendo demostran que levamos o camiño axeitado en Galicia, pese as dificultades como é a falta de execución dos orzamentos de I+D+i do Goberno central, para cumprir cos indicadores de resultado do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Dous deles así o avalan: xa temos superado amplamente en 2018 os 90 millóns de euros de retorno por entidades galegas en Horizonte 2020, totalmente en liña co obxectivo de acadar os 120M€ en 2020 e en relación co número de investigadores, o último ano no que dispoñemos de datos é 2017 con 6128 investigadores, superando xa neste ano o obxectivo de 2020 (6020 investigadores).

Encamiñados cara a unha mellora continua, todos estes resultados indican claramente que estamos no camiño axeitado, e son resultado do reforzamento na execución das políticas e orzamentos destinados a I+D+i polo Goberno da Xunta de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:46:41
Nº Rexistro: 54256
Data envio: 28/08/2019 10:46:41.482

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:46:37

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:40
Nº Rexistro: 54241
Data envio: 28/08/2019 10:44:40.529
Data 28/08/2019 10:44

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 50785,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa venda de Ferroatlántica a un fondo estadounidense e o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de aproveitamentos hidroeléctricos"**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da interpelación 50786 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de xuño de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-ordinario-2019-06-26?part=49c1a620-09cc-4935-be97-219eda29e60d&start=11776

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:44:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:44:40
Nº Rexistro: 54241
Data envio: 28/08/2019 10:44:40.529

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:44:36

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:43:13
Nº Rexistro: 54230
Data envio: 28/08/2019 10:43:13.138
Data 28/08/2019 10:43

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 51442** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a realización polo Goberno galego dalgún estudo para avaliar o impacto do uso de herbicidas con glisofato nos sectores agrarios e, en particular, na apicultura, as medidas previstas para evitar o seu uso, así como as súas intencións en relación co abandono do seu uso na rede viaria e a realización dalgunha xestión diante do Goberno central e as administracións locais para ese fin"**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

"Cómpre indicar que a Xunta está a avaliar a viabilidade de adoptar medidas alternativas de control de vexetación nas estradas, blindando o obxectivo prioritario de garantir a seguridade viaria. A posible adopción destas accións alternativas á aplicación de herbicidas permitirían unha progresiva redución do seu uso.

A Axencia Galega de Infraestruturas, como órgano encargado do mantemento das vías autonómicas, leva a cabo actuacións para o control da vexetación nas marxes das estradas para manter a funcionalidade da rede, garantido a seguridade co mantemento da visibilidade para os condutores e do espazo libre de tránsito para os peóns. Este é o obxectivo das campañas de control da vexetación que

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2019 10:43:08

periodicamente se levan a cabo nas estradas autonómicas, sempre cumprindo coa normativa vixente, esixindo a utilización de produtos autorizados que son estendidos por persoal especializado e só cando as condicións climatolóxicas son as idóneas para acadar un efecto localizado sobre a vexetación máis próxima ás estradas.

O glifosato está autorizado pola Unión Europea, tal como establece o Regulamento de execución (UE) 2017/2324 da Comisión do 12 de decembro de 2017. Un produto que tamén está a ser empregado pola Administración do Estado nas estradas da súa titularidade e por entidades locais.

Este produto conta con autorización por parte da Unión Europea ata o ano 2022, polo que se trata dun produto legal.

Por parte da Consellería do Medio Rural sempre se recomenda o baixo uso de praguicidas químicos, dando prioridade, cando sexa posible, a métodos non químicos. No caso da súa utilización, debe facerse baixo as indicacións establecidas na normativa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:43:13
Nº Rexistro: 54230
Data envio: 28/08/2019 10:43:13.138

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:43:08

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:42:25
Nº Rexistro: 54224
Data envio: 28/08/2019 10:42:25.263
Data 28/08/2019 10:42

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 51624,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias para cambiar de criterio no segundo informe reflectido na Declaración de Impacto Ambiental do proxecto de explotación da concesión derivada Xanceda- 7138, nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña), promovido por ERIMSA"**, (publicada no BOPG número 493, do 26 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

*"*A Xunta de Galicia aprobou a Lei de implantación empresarial, para favorecer a tramitación de proxectos sempre que se garanta o cumprimento e as exixencias tanto medioambientais como as que se marcan desde outros departamentos.

Polo tanto, velarase por identificar esas vías para que, no caso concreto destes proxectos, determinar se as explotacións mineiras se poden seguir desenvolvendo, pero sempre cumprindo con todas as garantías medioambientais que están recollidas na lei e que son de obrigado cumprimento en Galicia

A declaración de impacto ambiental á que se fai referencia na iniciativa está dispoñible para consulta pública na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:42:25
Nº Rexistro: 54224
Data envio: 28/08/2019 10:42:25.263

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:42:12

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGxVbUMoByD1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/